


EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

Exercicio 1

Observa o seguinte mapa e contesta ás preguntas:

1. Sinala as provincias que teñen máis do 6% da súa poboación activa ocupada no sector hostaleiro.
2. Explicar os factores que determinan esta distribución.

Emprego no sector hostaleiro



RESPOSTAS

EXERCICIO 1

1. As provincias que teñen máis del 6% da súa poboación activa ocupada no sector hostaleiro son:

Girona, Málaga e as provincias insulares: as Illas Baleares e Las Palmas e Santa Cruz de Tenerife en Canarias teñen máis del 8% da súa poboación activa ocupada no sector hostaleiro.

Entre un 6% e un 8% teñen Tarragona, Lleida e Alicant

2. Explicar os factores que determinan esta distribución.

As provincias que teñen maior poboación activa traballando na hostalería son as que teñen maior oferta turística, en concreto trátase dun turismo de sol e praia, polo a maior concentración de hoteis está na costa.

A importancia do turismo como sector que xera numerosos postos de traballo e ademais exerce un poderoso papel como motor de arrastre nos sectores como os da hostalería, comunicacións, transporte, etc., determina os altos valores das Illas Baleares, Canarias, Málaga (capital da costa do sol), Alicant e Girona (costa Brava). O caso de Lleida é máis un turismo de montaña, de inverno, ecoloxía, etc.